



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE AMES, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (CEIP) NO MILLADOIRO.

En Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro.

Doutra, José M. Miñones Conde, na súa condición de alcalde do Concello de Ames, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración, e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións das Comunidades Autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas Corporacións Locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Segundo.- Que segundo o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA), as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.





A colaboración entenderase como o deber de todas as Administracións Públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, así como, no traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen exporse máis alá do concreto reparto competencial.

Terceiro.- O artigo 25.2 m) e n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL), establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, “a promoción da cultura e equipamentos culturais”, así como de “participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”. Estas competencias asúmense pola Comunidade Autónoma de Galicia, respecto dos municipios do seu ámbito territorial, en virtude das letras n) e ñ) do artigo 80.2 da LALGA.

As disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, dispoñen que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta da LRSAL. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da LRSAL, continuarán prestándose polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.





Así mesmo, a disposición adicional décimo quinta, apartado 4, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a adaptación ou construción dos centros docentes.

Cuarto.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten as atribucións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, que veñen reflectidas no artigo 1 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en vigor mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia).

Quinto.- Que co fin de materializar a cooperación para potenciar o desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe á comunidade escolar da entidade local, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello de Ames, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a construción dun novo Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) no Milladoiro.

Sexto.- Conscientes da antedita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o proxecto no Concello de Ames, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinalo contido da mencionada colaboración, co fin de acadar un encaixe da actuación dentro do marco normativo en vigor.

Así, e co fin de acadar o obxectivo exposto, ambas as partes, de común acordo, conforme ao artigo 57 da LBRL, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes





CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.- Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento dos mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ames para a construción dun novo Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) no Milladoiro, de acordo co establecido na cláusula segunda do presente convenio.

Segunda.- Compromisos e achegas.-

Polo Concello de Ames

- O concello como propietario duns terreos, solar constituído pola finca 03 do proxecto de expropiación do Plan Especial de Dotacións para dotación escolar no Milladoiro, que acada unha extensión de 13.167 m² e que linda ao norte con camiño, ao sur con camiño, ao leste con finca 04 e ao oeste con finca 02.

Pon a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, libre de cargas e gravames, o terreo descrito anteriormente para a construción dun Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) no Milladoiro, mediante acordo plenario do 16 de abril de 2020. Estes terreos póñense a disposición da consellería sen reserva ningunha e cos servizos urbanísticos e infraestruturas (abastecemento de auga, subministro eléctrico coas características e potencia necesaria para o funcionamento da nova escola, saneamento e rede de sumidoiros), así como os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarios, incluída a de levar a cabo os estudos xeotécnicos. Dita posta a disposición é libre de cargas e gravames, con eliminación de calquera obstáculo que impida o normal funcionamento do centro escolar. Concretamente deberá acreditarse desvío do tendido eléctrico e a conducción subterránea de augas para usos domésticos, que constan na nota simple rexistral, previamente á licitación do proxecto técnico.

- O centro educativo contará con todos os espazos e dotacións que esixe o Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos





mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

- As licenzas de edificación necesarias para construción do novo CEIP serán outorgadas polo Concello de Ames, sempre que as obras proxectadas cumpran as determinacións da lexislación e do planeamento urbanístico de aplicación. Para este fin, achegárase proxecto básico e de execución, nos que se encontrarán claramente xustificadas as condicións urbanísticas e toda a normativa técnica de aplicación ao tipo de edificación que se pretende construír. Como as obras destínanse ao desenvolvemento dunha actividade, o proxecto técnico deberá incorporar a documentación que esixe o artigo 364 do Decreto 143/2016.

O Concello de Ames achegará á consellería a documentación que se relaciona no ANEXO I deste convenio de colaboración.

- Será responsabilidade do Concello de Ames garantir que os terreos onde se pretende a execución da obra estean dotados, ao pé da parcela, dos usos urbanísticos e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo (abastecemento de auga, subministración eléctrica, saneamento e rede de sumidoiro) tal e como se establece no ANEXO II, con carácter previo ao inicio das obras, así como dos correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.
- Unha vez asinado o convenio e para posibilitar a realización dos estudos xeotécnicos e topográficos que procedan, o Concello de Ames realizará, en toda a súa superficie, a limpeza e desbroce da parcela, na que se construíra o novo centro de educación infantil e primaria. Con posterioridade á realización desta limpeza e desbroce, a consellería encargará a realización dos estudos técnicos e a redacción do proxecto técnico. Para poder levar a cabo os citados estudos e previamente á licitación do proxecto técnico, deberá acreditarse o desvío do tendido eléctrico e a condución subterránea de augas para usos domésticos, que constan na nota simple rexistral.





- En todo caso, antes da finalización das obras do centro educativo, o concello completará a urbanización con acceso rodado, pavimentado e dotado de beirarrúas, para garantir a seguridade do alumnado.
 - A entidade local, comprométese a aprobación do proxecto técnico comprobando que o mesmo cumpre todos os requisitos técnicos e administrativos para a súa aprobación, conforme ao establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e demais normativa de aplicación.
1. Na medida en que se trata dunhas obras de interese público, o Concello de Ames bonificará o 95% da contía do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras.
- O mantemento e conservación do centro corresponderán ao Concello de Ames. Para tal fin, unha vez rematadas as obras, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade trasladará ao concello copia da acta de recepción.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

1. Realizados polo Concello de Ames os trámites sinalados anteriormente e logo do informe favorable dos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a idoneidade dos terreos obxecto da posta a disposición, a Consellería elaborará, no seu caso, supervisará e aprobará o proxecto básico e de execución para a obra de construción do novo CEIP no Milladoiro.
2. Unha vez formalizada a posta a disposición e supervisado o proxecto básico e de execución, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade iniciará a tramitación da contracción do gasto con cargo aos seus orzamentos, así como a tramitación dos correspondentes expedientes de licitación, dirección e execución das obras de construción do CEIP, supeditándose o inicio da execución das obras á concesión da correspondente licenza de obra.
3. Para a execución e posta en funcionamento do CEIP, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a solicitar e dispor de todos os títulos





habilitantes de natureza urbanística e autorizacións sectoriais que sexan procedentes.

Terceira.- Mecanismos de seguimento.- A fin de realizar o seguimento e a avaliación do grao de execución do convenio, así como a interpretación e cumprimento do convenio, ambas as partes conveñen a constitución dunha comisión mixta paritaria, composta por tres representantes de cada unha das partes signatarias.

A Comisión de Seguimento reunirse sempre que o solicite algunha das partes, así como no caso en que xurda algún tipo de controversia durante a súa execución.

Cuarta.- Vixencia e Resolución.- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o momento en que rematen as actuacións recollidas na cláusula segunda, con data de vencemento prevista do 1 de setembro do ano 2022. A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras previstas nel.

Ademais da expiración do seu prazo de vixencia, serán causas de extinción do convenio o mutuo acordo das partes asinantes ou a decisión unilateral dunha parte por incumprimento da outra parte ou porque existen causas excepcionais e xustificadas que dificulten ou obstaculicen o cumprimento das estipulacións que constitúen o seu contido, previa denuncia cun prazo de dous meses de antelación.

Quinta.- Natureza e xurisdición.- Este convenio ten natureza administrativa, sendo o réxime xurídico aplicable ao mesmo o establecido no Capítulo VI, Título Preliminar da LRXSP.

Calquera cuestión que se suscite en canto á aplicación, interpretación e efectos do convenio, que non queden solventadas pola Comisión mixta de Seguimento prevista na cláusula terceira serán resoltas polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Sexta.- Información pública.- En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto





126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado no lugar e data indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes asinantes.

POLA XUNTA DE GALICIA
O Conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

POLO CONCELLO DE AMES

Román Rodríguez González

José M. Miñones Conde





ANEXO I

AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE AMES, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (CEIP) NO MILLADOIRO.

Documentación achegada polo Concello de Ames no expediente de posta a disposición dos terreos:

1.- Certificación do acordo plenario que debe conter os extremos seguintes:

- a) Posta a disposición, libre de cargas e gravames, sen reserva ningunha, da parcela descrita na cláusula segunda deste convenio. Concretamente deberá acreditarse o desvío do tendido eléctrico e a condución subterránea de augas para usos domésticos, que constan na nota simple rexistral, previamente á licitación do proxecto técnico.
- b) A asunción das obrigas económicas que, se é o caso, se deriven do convenio.
- c) A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación da consellería, o mantemento e conservación das instalacións do centro educativo.

2.- O concello achegará ademais a seguinte documentación:

- Certificación da persoa titular da Secretaría da corporación, na que se faga constar que os terreos que se poñen a disposición, son titularidade do concello, e constan no inventario de bens da dita corporación.
- Plano topográfico coas súas medicións características, así como certificación urbanística acreditativa das condicións de uso, edificabilidade e de ocupación da parcela, que permitan comprobar a súa idoneidade para a construción dun centro docente.





ANEXO II

AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE AMES, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (CEIP) NO MILLADOIRO.

Determinación dos usos urbanísticos e infraestruturas (abastecemento de auga, subministro eléctrico, saneamento, acceso rodado, etc.) da parcela:

1. Abastecemento de auga.

Acometida con subministración eléctrica a pé de parcela, coas características e potencia necesaria para o funcionamento do centro e que figurarán no proxecto de instalación eléctrica que lle será facilitado pola dirección de obra.

Saneamento e rede de sumidoiro.

- Limpeza e desbroce da parcela na que se construírá o centro de educación infantil e primaria para permitir a realización dos estudos técnicos previos ao encargo do proxecto.
- Con posterioridade á realización da limpeza e desbroce da parcela, e en todo caso, antes da finalización das obras do centro de educación infantil e primaria, o concello completará a urbanización con acceso rodado, pavimentado e dotado de beirarrúas, para garantir a seguridade do alumnado.
- **Eliminación de calquera servidume que grave a parcela e de calquera obstáculo que impida o normal funcionamento do referido centro escolar.** Concretamente deberá acreditarse o desvío do tendido eléctrico e a conducción subterránea de augas para usos domésticos, que constan na nota simple rexistral, previamente á licitación do proxecto técnico.

